

SAL. 005289 17.07.17 09:24

Visto o establecido na lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público no seu artigo 42 no que dispón que *“No exercicio da competencia na actuación administrativa automatizada, cada Administración Pública poderá determinar os supostos de utilización dos seguintes sistemas de electrónica: a) Selo electrónico de Administración Pública, órgano, organismo público ou entidade de dereito público, baseado en certificado electrónico recoñecido ou cualificado que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de sinatura electrónica”*.

Visto o disposto no Regulamento polo que se implantan medios electrónicos que facilitan o acceso dos cidadáns aos servizos públicos da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e se crean a sede electrónica, o Rexistro Electrónico e o taboleiro de anuncios, aprobado no Consello de Goberno do 29 de xaneiro de 2013 (DOGA nº 53 do 15 de marzo de 2013), que establece no artigo 23.4 que *corresponde ao secretario xeral a custodia dos selos electrónicos da USC*.

Considerando que a Resolución do 26 de abril de 2017, da Secretaría Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, pola que se aproba a política de sinatura electrónica, publicada no DOGA o día 10 de maio de 2017, dispón no artigo 5 que *“a USC concretará mediante unha resolución da Secretaría Xeral os procedementos en que se utilizará o selo de órgano”*.

Esta Secretaría Xeral

AUTORIZA a utilización de selo electrónico de órgano nos seguintes procedementos automatizados, da Universidade de Santiago de Compostela:

- 1) Aplicación de enquisas avaliación docente
 - Certificado de avaliación do profesorado
 - Resolución da solicitude de anulación da avaliación nunha materia

- 2) Moodle
 - Informe de Uso

3) OIT Virtual

- Certificado de pertenza a programas de RRHH-
- Certificado de composición actual de grupo de investigación
- Certificado de composición mínima de grupo de investigación
- Certificado de pertenza a grupo de investigación
- Certificado de desfrute de axudas propias da USC
- Certificado de investigadores emerxentes
- Certificado de consolidación grupos de referencia competitiva
- Certificado de consolidación grupos con potencial crecemento
- Certificado de convocatoria de redes de investigación
- Certificado de participación en actividades de I+D
- Certificado de historial de grupo de investigación
- Certificado de historial de grupo de investigación formato corto

3) Xescampus

- Certificado de acreditación de probas de nivel de idiomas segundo o MECR.
- Certificado de acreditación de cursos de idiomas segundo o MECR.
- Certificado de titorización/cotitorización de traballos TFG/TFM
- Certificado de docencia
- Certificado de acreditación de cursos de idiomas segundo o MECR.
- Certificación de participación en tribunais de traballos TFG/TFM
- Certificado académico
- Certificado tipo BIR, EIR, FIR, MIR, PIR, QUIR
- Certificado de título

4) Sede electrónica

- Comprobante de publicación no taboleiro
- Xustificante de rexistro de saída
- Xustificante de rexistro de entrada
- Xustificante de posta a disposición de notificación

- Xustificante de lectura dunha notificación

5) Xestor de formularios

- Xustificante de solicitude presentada

-

6) Xestión económica:

- Autorizacións electrónicas por parte dos Directores de Centros de Gasto
- Emisión de facturas da USC en eSicus

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2017

A Secretaria Xeral



Ferreiro

María Consuelo Ferreiro Regueiro

